


# Decálogo para buscar en internet de forma eficaz




# 1

## Pensa cal é o obxectivo final:

Antes de comezar a buscar,, adica un anaco a pensar cal é o obxectivo final da túa busca e para que vas a empregar a información atopada:

- Buscas a resposta a unha pregunta concreta?
- Buscas unha imaxe? Un gráfico? Un vídeo?...
- Buscas información para poder traballar sobre ela.




# 2

## Planifica a busca:

Planifica de que xeito vas a buscar, en función do tipo de información que precisas atopar. Non é o mesmo buscar unha resposta concreta, que unha imaxe, un vídeo ou un texto para poder logo traballar con el.

- Que agardas conseguir como resultado da túa busca?
- Buscarás en inglés, castelán ou en galego? (atoparás máis información en castelán que en galego e moita máis en inglés)




# 3

## Identifica as palabras clave:

Cando busques en internet non debes escribir a pregunta tal como a pensas, senón que tes que identificar que palabra ou palabras son as clave.

- Atoparás máis resultados (e máis variados) buscando **extinción baleas**, que buscando “**as baleas están perigo de extinción**”.




# 4

## Usar operadores e comiñas?

-Se queres buscar unha cita literal, deberás escribir a túa busca entre comiñas, deste xeito buscará exactamente a frase que escribas: **autor libro que comeza “en un lugar de la mancha”**

-Podes limitar os resultados escribindo o signo menos (-), así por exemplo podemos buscar: **extinción animais -baleas**, que nos devolverá resultados de animais en perigo de extinción agás as baleas.




# 5

## Emprega máis dun buscador

Google é o buscador máis importante e que ofrece máis resultados, pero existen outros moitos onde poder atopar diferentes resultados, algúns exemplos son:

- Para nenos/as**: bunis.org e kidle.com, kidrex.com
- Globais**: yahoo.es, bing.com, ask.com, lycos.com




# 6

## Analiza os resultados:

Non sempre os primeiros resultados que aparecen son os mellores, nin che darán a resposta ó que estás a buscar. Abre as diferentes paxinas ofertadas e analiza se nas mesmas vas a atopar a resposta que buscas, ou se a información que se ofrece é a que precisas.

- Nunca te quedes co primeiro resultado e descarta aquelas que non che dean a resposta que estás a buscar.




# 7

## Escolle entre os resultados:

De entre tódolos resultados que atopas, escolle aqueles que teñan unha fonte que inspire máis confianza, xa que non todo o que se publica en internet ten porque ser correcto.

Así por exemplo [a wikipedia é creada e pode ser cambiada por calquera](#), polo que a información que nela aparece non ten porque ser correcta ou exacta. Pola contra a información dunha enciclopedia online pode darnos a seguridade de que é correcta.




# 8

## Contrasta a información:

Sexa cal sexa a fonte de información, especialmente no caso da wikipedia ou similares, sempre tes que confirmar que a resposta que atopas é a mesma que se indica en outros dos resultados da busca.


- Se atopas a mesma resposta en diferentes webs é máis probable que esa información sexa correcta que se só aparece no primeiro resultado que atopas.



# 9

## Le e busca as respostas:

Le toda a información que atopas e busca nela a resposta que precisas. Non tes porque "imprimir" ou "copiar" todo o que atopas senón que únicamente os datos o "fragmentos" da información que se correspondan exactamente ó que estás a buscar.



# 10

## Como o contas ó mundo:

Xa tes a resposta ás túas preguntas... pensa agora como o vas plasmar para poder contarllo ó mundo. Podes elaborar un esquema, un gráfico, un álbum, un panel, podes recortar e pegar anacos de información...

-Ten en conta sempre que os demais teñen que poder entender a información que queres transmitir.